

# VERARDO DA RODA

↓ Manuel García-Galano

*Na entrega anterior d'ENTRAMBASAUGUAS cuntábase con úa colaboración d'Everardo Fernández pero, d'esta volta, tócame a él el papel de protagonista neste artículo que ye dedica un bon amigo y compañeiro de xeiras teatrales.*



*Grupo que representóu "Doña Clarines", alló pol 1940. En primeiro término, Verardo. De pe, d'esquerda a dereta, Amador de Palacio, Victoria, Ramón Iglesias, David Díaz, Esperanza Fernández y Manuel Iglesias. Máis embaxo, Celita Fernández, Manolo "Galano" y Amelia Fernández.*

**S**antellos é un barrio da Roda al que se chega baxando polla carretera que vai a Porcía, despois de pasar As Penasoucas, El Pico y El Lugar de Riba. Allí, antias de chegar al caseirío d'Aresdegranda, núa casa branca rodiada d'arbolado ben axeitado, vive Verardo, el noso personaxe d'hoi.

Si daquén preguntase fora da Roda quén é Everardo Fernández González, pode que nun ye sepan dicir. Pro si lo fai por *Verardo da Roda* ou *Verardo el del teatro*, dende Barcia a San Tiso d'Abres, ou dende Ibias a Taramunde, penso que nun hai quen nun conoza y admire a este home d'estatura máis ben baxa, pelo y barba nos qu'as canas nun toparon inda sito a pesar dos sous setenta anos, y sembrante que, a primeira vista, nun amostra el gran humorista que lleva dentro.

Nun cabe duda, pois, que tamos delante d'un personaxe popular, incluso —como dixen— fora del sou conxeyo. Úa popularidá que ye vén das súas

actuacións col grupo de teatro *Pico de Faro* del que, ademáis de director, é primeiro actor dende 1982, ano nel qu'él mesmo lo fundóu.

Pro a afición al teatro de Verardo nun nacéu nesa fecha; vénye de llonxe. Empezóu na escola, condo a os doce anos interpretóu un papel na que sería a súa primeira obra, *La noche de San Juan*, xunto a un peteiro de compañeiros. Y como A Roda foi sempre un lugar unde nunca faltóu daquén disposto a trabayar pol teatro d'aficionados, axina siguíu Verardo demostrando a súa afición y as súas aptitudes pras artes escénicas, encaxando en calquera dos grupos qu'iban surxindo, como os encabezados por Amador de Palacio primeiro, Laureano Mascuñana despois, ou os formados adrede por conxuntos de mocedá, nos que Verardo era sempre cabeceira destacada.

Llougó viría a temporada qu'él chama "*de Don Avelino*", el cura, alló pollos anos cincuenta y sesenta, da que diz ter muito bon recordo y na que non

Xente d'esta terra

sólo fixeron representaciós nel sou pueblo y noutros del conceyo como Tapia ou Serantes, sinón que saliron a os vecíos. Era a época na que tían que montar el escenario polla mañá pr'actuar de noite; llevar das súas casas ou pedir noutras as mesas, as siyas, os cuadros...; poñer sentadeiros prá xente...; pro condo a afición y el agayo son muitos, nun se topan barreiras. Hoi A Roda cunta cua miyor sala del conceyo, ben instalada y disposta, en contraste con aqueles tempos nos qu'hasta os ensayos tían que fellos en sitios d'emprestado.



Verardo nun momento da representación na Roda de Dous páxaros d'un tiro.

Y neste relato abreviado da trayectoria artística de Verardo, chegamos al ano 1982 xa citado, nel que funda el grupo *Pico de Faro* asumindo a súa dirección artística y col que lleva feito un llabor que chama a atención al máis esixente. Pénsese nomáis qu'el grupo actuó en cuase todos os concéyos del noroccidente asturiano, dende Lluarca a San Tiso d'Abres, sin máis esceuciós qu'Éilao y Pezós. Pro tamén lo fexo en Ibias y en poblaciós del centro d'Asturias como Xixón, Avilés, Candás, Piedrasblancas ou Morea; y en llugares da vecía Galicia como San Cibrán ou Ferreira do Valadouro. A llista dos sitios é llarga, pos pasa por derriba dos trenta y, ademáis, en abondos d'ellos repitiron actuaciós nestos quince anos qu'el grupo ten de vida, que son muitos anos si se pensa que poñer a andar daqué llougo se fai; a cousa é continuallo.

Esta última vegada —que nun s'acabóu inda, sinón que ta pra seguir, pois tein folle pra fello— é, sin ningúa duda, a máis llarga, máis intensa y máis fructífera de todas as dos grupos que na Roda houbo. Nella amostraron polla comarca, de xeito preferente, un teatro de tipo costumista, na nosa fala, con obras d'autores da contornada, como Tomás Niembro, Jesús Valdés, José M<sup>a</sup> Bedía ou eu mesmo, nas que Verardo encarna como naide el papel del paisano d'estas terras, cuas súas características qu'él tan ben conoz, en representaciós mui celebradas pol público.

Nun fai falta soster que quen teña trabayado nun grupo humano de calquera actividá que seña, féndolo ademáis de baldre como nel teatro d'aficionados, sabe ben lo que costa al que lo dirixe manter a unión, a constancia y el agayo de todos os que lo compóin, sin embeleñarse nas *piquillas*, as tiranteces y as tensiós que se dan ás veces, pois son muitas, muitas, as horas dedicadas por esta xente, primeiro pral estudio dos pápeles y despóis a larguísimos ensayos repitindo úa y mil veces a mesma escena, corrixindo entradas y salidas, xestos, entonaciós... y hai que ter muita mao esquerda, muita pacencia y muita habilidá pra que lo que consiguíu xuntarse con tanto esforzo nun se desanougue pór úa nimiedá.

Poucos saben como Verardo lo que queda detrás condo se pode erguer el telón y amostrar al público el resultado d'un llargo y costoso trabayo que nun ten máis compensaciós qu'a propia satisfacción de lo que se llogróu y, si acaso como muito, us aplausos.

Y nel llabor qu'este home vén fendo na Roda, hai que dicir que nun ye esqueicen os nenos, que son a semente pral mañá. Ei tán pr'atestiguallo a agrupación *El Columpio* y el grupo de teatro infantil *Virgen das Nieves*, que naceron tamén baxo el sou alento.

Nun debo nin quero acabar este relato da trayectoria teatral de Verardo sin refirme á súa valiosa colaboración col grupo de teatro *Ameicer* de Tapia, qu'eu coordinéi dende 1979 hasta primeiros dos noventa. Allí estrenóu con nosoutros tres obras de Tomás Niembro y máis de dez mías, entre outras, féndolo sempre con todo llucimento y sin queixa algúa pol trabayo que, por vivir llonxe, supoñían pra él os ensayos, ademáis de ter que simultaniar as actuaciós nel noso grupo cuas del sou. Y todo ello dando sempre lleuciós de comportamento cua súa puntualidá, a súa disciplina y a súa profesionalidá. Sirva esta nota pra reiterarye públicamente el noso agradecemento.

Podería encher muitas foyas falando de Verardo, non sólo como el destacado actor qu'é sinón tamén pollas cualidades qu'atesora como persona, así como polla súa disposición pra trabayar pol sou pueblo, pois da Roda se considera anque nasece na Vigüía. Así que deixo adrede nel tinteiro cousas que sei que telaría a súa modestia, qu'é ún dos sous atributos. Nun faltará tempo.

Acabaréi dicindo que núa trayectoria artística tan llarga como a súa, ben sei que máis d'úa vez se sentiría con ganas de pousar, pois por mui namorado que se teña de lo qu'ún fai —y Verardo talo— ás veces nun faltan razóns pr'afroxar. Pro tou seguro de que nun ye topará el xeito, xa que nun é fácil ir escontra d'úa vocación tan arreigada como a d'él y deixar albestestate un llogro de tantos anos y tan fecundo. Y todos ye agradeceremos que siga mentres poda.

